



O Acordo da Xunta de Goberno do 7 de abril de 2000 adecua as normas de Xestión Académica (Diario Oficial de Galicia 14 de enero de 1999) ó disposto no Real Decreto 69/2000 de 21 de xaneiro (Boletín Oficial del Estado de 22 de xaneiro) no que se refire a admisión de alumnos para a continuación de estudos. Por outra banda mantense a vixencia das Normas de Xestión Académica no regulado respecto dos alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa que desexen continuar estudos en titulacións con límite de prazas que se imparten na Universidade de Santiago de Compostela quenés, ademais dos requisitos xerais, deberán acreditar unha cualificación igual ou superior a do último alumno que accedeu a esa titulación no curso anterior.

Por outra banda a Xunta de Goberno, na súa sesión do 27 de xuño, aprobou as titulacións con cota de praza para traslados para o curso 2001-2002 e as porcentaxes a aplicar a cada titulación con cota.

Sendo necesario desenvolver as citadas normas para o vindeiro curso,

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMERO.- Para o curso 2001-2002, os límites de prazas para traslados serán os que se recollen no **Anexo I** da presente resolución.

SEGUNDO.- CONTINUACION DE ESTUDIOS

2.1 Para poder continuar estudos en calquera titulación na USC, os alumnos deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) acreditar ter superados o primeiro curso completo deses estudos, no caso de ensinanzas non renovadas. No caso de ensinanzas renovadas deberán ter superados 60 créditos.
- b) non poderán ter esgotadas as convocatorias establecidas nas normas de permanencia segundo a normativa da USC. Non se terá en conta este requisito no caso de aplicación do artigo 34 das Normas de Xestión Académica.

2.2. Cando un estudante non reúna os requisitos establecidos nos dous apartados anteriores quedará sometido ó rexime xeral de adxudicación de prazas regulado no RD 69/2000 do 21 de xaneiro.

2.3. Os alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa, para continuar estudos de primeiro ou segundo ciclo en calquera titulación con límite de prazas que se imparten na USC, teñan ou non establecida cota para traslados, ademáis do requisito de ter superado integramente o primeiro curso de planos non renovados ou 60 créditos de planos renovados e non ter esgotadas as convocatorias establecidas segundo as normas de permanencia da Universidade de Santiago de Compostela, deberán ter unha cualificación de acceso igual ou superior a do último alumno admitido para iniciar estudos no primeiro curso nesas titulación no ano anterior.



As cualificacións esixibles son as que figuran no **Anexo II** á presente resolución.

TERCEIRO.- INGRESO EN TITULACIONES CON COTA DE PRAZAS PARA TRASLADOS.

3.1. A resolución das solicitudes de traslado para titulacións que teñan establecido cota para os mesmos resolveranse consonte o seguinte:

- a) Terán preferencia na admisión do traslado os alumnos que presenten a súa solicitude no mes de xullo. Unha vez resoltas as solicitudes do mes de xullo consideraranse as solicitudes presentadas entre 1 de agosto e o 15 de outubro.
- b) As solicitudes ordenaranse pola cualificación do expediente que resulte da aplicación dos criterios xerais acordados polo Consello de Universidades que sinala a disposición final segunda do Real Decreto 1497/1987 do 27 de novembro na redacción dada polo Real Decreto 1267/1994 do 10 de xuño e mailo establecido na norma 17.3 das Normas de Xestión Académica.

3.2. As solicitudes para continuar estudos en titulacións con cota de prazas para traslados que se presenten remitiranse o Servicio de Alumnado para a súa tramitación e resolución polo Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións. Unha vez resoltas devolverase o expediente á unidade de xestión correspondente.

O disposto neste apartado será de aplicación para as solicitudes de continuación de estudos en titulacións con cota de praza para traslados de alumnos con estudos estranxeiros validables.

3.3. Os alumnos serán convocados a formaliza-la matrícula pola resolución na que se lles adxudique a praza. De non formaliza-la matrícula no prazo establecido decaerá nos seus dereitos respecto da praza adxudicada.

CUARTO.- CONTINUACIÓN DE ESTUDIOS INICIADOS NO EXTRANXEIRO

4.1. A admisión dun alumno para continuar os estudos iniciados no extranxeiro en titulacións sen cota de prazas para traslados requirirá a validación ó menos dunha materia no caso de planos non renovados ou 15 créditos no caso de planos renovados.

4.2.- A admisión dun alumno para continuar os estudos iniciados no extranxeiro en titulacións con cota de prazas para traslados requirirá a validación ó menos do primeiro curso completo no caso de titulacións non renovadas ou 60 créditos no caso de planos renovados.

No resto do procedemento estarase ó disposto no Acordo da Xunta de Goberno do 27 de febreiro de 1997 (anexo III as Normas de Xestión Académica).



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

QUINTO.- As solicitudes para continuar estudos na USC axustaranse o modelo que figura no **anexo III** da presente resolución.

SEXTO.- Non será de aplicación o disposto na norma 13.2 da resolución rectoral de 1 de febreiro de 2000 sobre delegación de funcións en determinados órganos universitarios ó procedemento regulado na presente resolución.

A presente resolución terá efectos a partir do día seguinte á data de saída do rexistro.

Santiago de Compostela, a 28 de xuño de 2001

O RECTOR,

Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL – SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS – SRS. DECANOS / DIRECTORES DE CENTROS – SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO – SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO – SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS – SR. DIRECTOR DO COIE – SRS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.



TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS
PARA TRASLADOS NO CURSO 2001-2002

TITULACIÓN	Prazas para continuación de estudos	
	Nacionais	Estranxeiros
Licenciatura en Bioloxía	34	-
Licenciatura en Medicina	26	2
Licenciatura en Odontoloxía	5	1
Licenciatura en Veterinaria	14	-



NOTAS MÍNIMAS DE INGRESO NA USC . CURSO 2000/01									
CAMPUS DE SANTIAGO									
TITULACIÓNS CON LÍMITE PRAZAS	PAAU	FP2	Estranx xuño	Titulad. xuño	+25 anos xuño	Minusv	Deport. alto nivel	DISTRITO COMPARTIDO	
								PAAU	FP2
Lic. en Bioloxía	5.43 ¹			1.64	6.37		5.78 ¹	5.83	
Lic. en Farmacia	5.48 ¹		5.39	1.08				5,89	
Lic. en Física	5.00 [•]								
Lic. en Medicina	7.46 ¹		5.79	2.37	5.33		5.90 ¹	6.16 ¹	7.87
Lic. en Odontoloxía	7.37 ¹		6.88	2.28			5.63 ¹		7.73
Lic. en Química	6.00 ³								5.49
Enxeñería Química	7.45 ¹			2.26					7,61
Lic. en Economía	5.00 [•]			1.84	5.17				5.02
Lic. Administración e Dirección de Empresas	5.49 ⁴			2.44	5.00				5.16
Lic. en Xornalismo	7.91 ¹	7.50 ⁹			5.28		5.18 ¹		8.03
Lic. Ciencias Políticas e da Administración	5.00 [•]		7.22	2.33	5.00				5,04
Lic. en Dereito	5.00 [•]			1.00	5.00		5.82 ³		5,01
Lic. en Filoloxía Alemana	5.00 [•]								
Lic. en Filoloxía Inglesa	5.00 [•]			1.13					5,21
Lic. en Pedagogía	5.47 ¹	6.52 ⁹		1.16					5,73
Dipl. en Educación Social	6.00 ¹	8.07 ⁹		2.25	5.66				6.14
Lic. en Psicoloxía	5.84 ¹	5.70 ⁹	5.25	2.06	5.00		5.86 ¹	6.42 ¹	5.91
Lic. en Historia da Arte	5.00 [•]	5.30 ¹⁰		2.00	5.00				5.4
Lic. en Historia	5.00 [•]			1.38	5.00				
Dip. en Enfermería	6.27 ¹	8.75 ⁹	5.53	1.87	5.00		5.56 ¹		6,77
Mestre. Especialidade en Educación Primaria	5.72 ³	6.55 ⁹		1.12	5.00				5.13
Mestre. Especialidade en Educación Infantil	5.21 ²	7.37 ⁹		1.21	5.44				5.41
Mestre. Especialidade en Lingua Estranxeira	6.58 ³	5.90 ¹⁰		1.36					
Mestre. Especialidade en Educación Musical	5.29 ⁵	6.13 ⁹		1.61	5.31				5.47
Dip. en Relacións Laborais	6.16 ⁵	6.58 ⁹		1.15	5.55		6.32 ¹		5.05
Dip. en Óptica e Optometría	6.18 ¹	5.94 ⁹		2.00					
Dip. en Traballo Social	5.60 ¹	7.04 ⁹		1.04					5.77



CAMPUS DE LUGO									
TITULACIÓNS CON LÍMITE	PAAU	FP2	Estranx xuño	Titul ad. xuño	+25 anos xuño	Minus v.	Deport.a lto nivel	DISTRITO COMPARTIDO	
								PAAU	FP2
E. Tca. Industrial. Especialidade en Química Industrial	5.00*	5.58 ¹⁰						6.16	
Lic. en Veterinaria	6.07 ¹			1.51	5.00			6.70	
E. Tca. Agrícola. Especialidade en Explotacións Agropecuarias	5.00*	5.00*		2.00				5.00	
E. Tca. Agrícola. Especialidade en Hortofruticultura e Xardinería	5.00*	5.00*		1.17	5.00				
E. Tca. Agrícola. Especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	5.00*	5.00*							
E. Tca. Agrícola. Especialidade en Mecanización e Construcións Rurais	5.00*	5.00*							
E.Tca. Forestal. Especialidade en Explotacións Forestais	5.00*	5.00*						5.44	
Mestre. Especialidade en Educación Primaria	5.00*	6.12 ¹⁰		1.25					
Mestre. Especialidade en Educación Infantil	6.35 ⁵	5.82 ⁹		1.19					
Mestre. Especialidade en Lingua Estranxeira	5.00*	6.01 ¹⁰		1.04	6.85				
Mestre. Especialidade en Educación Física	5.07 ¹	7.41 ⁹		1.47				5.30	
Dip. en Ciencias Empresariais	5.00*	5.90 ⁹		1.76		6.75 ¹		5.00	6.49
Dipl en Relacions Laborais	5.00*	5.00*			5.00				
Dip. en Enfermería	6.13 ¹	8.81 ⁹		2.28	5.00	6.58 ¹		6.51	9.02

- | | |
|--|---|
| 1. Probas de Acceso xuño opción preferente | 6. COU xuño opción non preferente |
| 2. Probas de Acceso xuño opción non preferente | 7. COU setembro opción preferente |
| 3. Probas de Acceso setembro opción preferente | 8. COU setembro opción non preferente |
| 4. Probas de Acceso setembro opción non preferente | 9. FP2, Ciclos Formativos, xuño |
| 5. COU xuño opción preferente | 10. FP2, Ciclos Formativos, setembro |
| | • Admitidas tódalas solicitudes presentadas |

Estranxeiros: Solicitantes de xuño, segundo Real Decreto 69/2000 de 21 de xaneiro

Titulados: Solicitantes de xuño, segundo Real Decreto 69/2000 de 21 de xaneiro

Maiores 25 anos: Solicitantes de xuño, segundo Real Decreto 69/2000 de 21 de xaneiro

CURSO 2001-2002
SOLICITUDE DE TRASLADO OU
INICIO EN TITULACIÓN SEN LÍMITE

A persoa que asina e cos datos que a seguir se indican:

DATOS PERSOAIS:		
Nome:	Apelidos:	Número DNI:
MEDIO E LUGAR DE NOTIFICACIÓN:		
Código conta do correo electrónico e fax (1):		Teléfono:
Rúa, número, piso:	Localidade:	Provincia:
		Código Postal:

DATOS ACADÉMICOS

Título de Acceso á Universidade (2):

Universidade de Procedencia:

Estudios universitarios (3):

Solicita a admisión na (4)

Titulación:	Campus:
-------------	---------

Para : Iniciar estudos Continuar estudos xa iniciados, en base ós motivos que a continuación se expoñen:

_____ a _____ de _____ de _____
(Sinatura do alumno)

TITULACIÓN CON LÍMITE DE PRAZAS
PARA TRASLADOS NO CURSO 2001-2002

TITULACIÓN	Prazas para continuación de estudos	
	Nacionais	Estranxeiros
Licenciatura en Bioloxía	34	-
Licenciatura en Medicina	26	2
Licenciatura en Odontoloxía	5	1
Licenciatura en Veterinaria	14	-

INSTRUCCIÓN:

1.- De non manifesta-lo contrario o/a interesado/a, entenderáse que acepta como medio de notificación a súa conta de correo electrónico e número de fax indicados na solicitude.

2.- Solicitude de inicio de estudio

Deberá indica-lo título ou títulos que lle dan acceso: selectividade, COU, etc.

Deberá aportar copia legal do título que lle dea acceso (cotexada ou compulsada), de non facelo, non poderá resolverse a petición .

3.- Solicitude de continuación de estudos xa iniciados

Deberá aportar certificación académica dos estudos realizados. Se os estudos que solicita continuar corresponden a unha titulación con cota ou límite de prazas para traslados a certificación deberá conter, de se-lo caso, o número de suspensos e créditos de cada materia.

A falta deste documento impedirá a resolución da petición.

4.- Estudos nos que desexa inscribirse

EXTRACTO DAS NORMAS

Prazo de solicitude: do 1 de xullo ó 15 de outubro, sen embargo os que soliciten titulacións con cota de prazas para traslados terán preferencia se a solicitude a presentan antes do 1 de agosto.

Inicio ou continuación de estudos en titulacións sen límite: só é preciso presenta-la solicitude en prazo e reuni-los requisitos legais esixibles, e decir, acreditar ter superados o primeiro curso completo deses estudos, no caso de ensinanzas non renovadas ou 60 créditos no caso de ensinanzas renovadas. (RD 69/2000 do 21 de xaneiro). Ademais non poderán ter esgotadas as convocatorias establecidas nas normas de permanencia da USC.

Traslados para as titulacións con cota de prazas.- Criterios de actuación: No caso de haber máis solicitudes que prazas, ordénanse primeiro as presentadas antes do 1 de agosto e despois as presentadas entre o 1 de agosto e o 15 de outubro. De seguir habendo máis solicitudes que prazas na mesma fase as prazas adxudicaranse ós solicitantes que teñan o expediente académico coa maior media, valorado consonte á seguinte fórmula:

$$\text{Media} = \frac{\sum \text{calificación da materia} \times \text{n}^\circ \text{ créditos da materia}}{\sum \text{n}^\circ \text{ créditos de tódalas materias}}$$

As normas íntegras poderanse consultar a traveso da páxina web da USC (<http://www.usc.es>) no COIE, no Servizo de Alumnado, na Vicexerencia do campus de Lugo ou nas unidades de xestión académica.

Consonte o disposto na lei 30/1992 do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común modificada pola Lei 4/1999, informaselle que o prazo para a resolución da súa solicitude é de 3 meses no caso de que a notificación da resolución non se realice neste prazo considérase desestimada a solicitude. O órgano que resolverá será o Rector. A tramitación do expediente realizaraa o Servizo de Alumnado ou a unidade de xestión académica correspondente.